

BASES DA CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS DESTINADAS A ENTIDADES E CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO EN CONCORRENCIA COMPETITIVA, ANO 2020

A presente liña de axudas insírese dentro das previsións reflectidas no Plan Estratéxico da Deputación de Lugo 2020-2022, liña 12.1 Deportes, co obxectivo de promover e difundir o deporte e a súa práctica por todos os sectores da poboación, potenciando a mellora do deporte na provincia de Lugo, apoiando as actividades e a participación dos clubs/entidades da provincia de Lugo en ligas ou campionatos oficiais e axudar ás entidades á organización de eventos deportivos.

1. DEFINICIÓN DO OBXECTO DA SUBVENCIÓN

Constitúe o obxecto desta convocatoria a ordenación do procedemento aplicable para o outorgamento de subvencións en réxime de concorrencia competitiva destinadas a entidades e clubs deportivos, da provincia de Lugo (enténdase con sede e/ou delegación na provincia) co obxectivo de fomentar o deporte de base e o desenvolvemento da actividade deportiva de carácter competitivo na anualidade de 2020. En consecuencia, quedan excluídas da presente convocatoria as sociedades anónimas deportivas.


A. Liña de axudas á actividade competitiva federada

Axudas destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo (enténdase con sede e /ou delegación na provincia) que desenvolvan a súa participación en competicións organizadas polas respectivas federacións deportivas oficiais das disciplinas deportivas recoñecidas oficialmente polo Consello Superior de Deportes de acordo coa listaxe que figura na súa páxina web e que se relaciona no ANEXO A destas bases e cuxa finalidade é promover os valores do deporte dende a base e que desenvolvan a actividade competitiva e deportiva para a que solicitan a axuda na provincia de Lugo, sen prexuízo, no seu caso, da respectiva estrutura e distribución xeográfico-deportiva de cada unha das distintas categorías, campionatos e competicións de cadansúa federación deportiva. As entidades e clubs deportivos solicitantes deberán estar creados como máximo a data 31 de decembro de 2019.

- O orzamento financiable componse dos seguintes gastos subvencionables:
 - Gastos de persoal. Serán subvencionables os gastos do seguinte persoal, con contrato laboral coa entidade ou club deportivo solicitante, ou de acreditar ter contratado os servizos con terceiros:
 - técnico/a deportivo
 - adestrador/a
 - fisioterapeuta
 - preparador/a físico
 - monitor/a deportivo/a
 - médico/a
 - coordinador/a
 - Gastos federativos: licenzas e dereitos de participación e inscrición en competicións, canons de federacións, altas e cotas de tramitación, cotas de mutualidades deportivas, primas e cotas de afiliación a seguros e mutualidades deportivos.

Enténdase gastos federativos necesarios para a participación desas entidades e clubs deportivos nas respectivas competicións deportivas (licenzas, inscricións e mutualidades), dentro da liña de actividade competitiva, sempre que ese gasto se acredite como pagado, dentro do período de realización da actividade e dentro do respectivo período federativo, que vincule tal gasto á súa participación na competición de que se trate.

Código Seguro de Verificación	IV672LSKNX6JSX7KAB6WKZCVCE	Fecha	19/08/2020 14:24:55
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmante	XOSÉ MANUEL BECERRA PARDO (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo//code/IV672LSKNX6JSX7KAB6WKZCVCE	Página	1/35



- Gastos de arbitraje, cronometradores, comisarios deportivos e xuíces deportivos: deberá acreditarse mediante a respectiva factura, na que se indiquen partidos disputados coas respectivas datas.
- Gastos de material deportivo non inventariable preciso para a actividade competitiva para a que se solicita a axuda: por exemplo, balóns, redes, colchonetas, raquetas, aros, etc....
- Gastos de vestimenta deportiva do club/entidade solicitante para a disciplina deportiva na que figuren inscritos e para a que soliciten a axuda.
- Gastos de transporte: desprazamentos do club/entidade solicitante por asistencia á competición da disciplina deportiva na que figuren inscritos e para a que soliciten a axuda.
- Gastos de combustible: (ver condicións nos seguintes parágrafos)
- Gastos de seguro de responsabilidade civil e de cobertura de accidentes da actividade competitiva.
- Gastos de alugamento de instalacións deportivas precisas para o desenvolvemento de adestramentos ou competicións da actividade subvencionada.
- Gastos de publicidade, de bordados e/ou serigrafiado directamente relacionados coa actividade.
- Creación e mantemento de páxinas ou dominios web, facebook, twitter e outras redes sociais.
- Contratación de servizos de consultoría de protección de datos.
- Taxas de autorización ou canons de utilización de dominios públicos.
- Material non inventariable de prevención e protección fronte á COVID 19.
- Gastos médicos / botiquín / material farmacéutico da actividade subvencionada.

Todos os gastos deberán acreditarse mediante a respectiva factura, documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa e no seu caso, a respectiva certificación federativa.

Os gastos de persoal deberán acreditarse mediante nóminas, IRPF e seguridade social ou no seu caso, con respectiva factura relativa aos servizos prestados por terceiro, á entidade ou club beneficiario.

Os gastos de transporte serán subvencionables, primeiro, no caso de ter contratado a un terceiro (coche alugueiro, autocar, etc.) até o importe total soportado pola entidade; ou segundo, cando tendo vehículo propio da entidade, os gastos de combustible que este orixine e que estean directamente relacionados coa actividade e sexan indispensables para a adecuada preparación ou execución da mesma até un importe máximo que non supere o 30 % do custo total da actuación.


Este último criterio, de limitación do 30%, non será de aplicación para os gastos de transporte derivados da contratación a un terceiro ou dos gastos de combustible de vehículo de titularidade acreditada da entidade solicitante, utilizado expresamente para o transporte dos elementos ou aparellos imprescindíbeis para a práctica da correspondente disciplina deportiva (exemplo; bicicletas, piraguas, canoas, embarcacións de remo e análogas) que estean recoñecidos e se reflectan nos respectivos regulamentos técnicos oficiais.

Non se consideran gastos subvencionables, os regalos, agasallos e os considerados "trofeos en especies". Así mesmo, tampouco se considerarán gastos subvencionables, os gastos de representación, ceas e/ou comidas de inauguracións, clausuras e/ou outras celebracións.

Non serán subvencionables os gastos de aloxamento, de hostalería, comidas e restauración, nin as sancións federativas, nin os gastos xerais da entidade organizadora, a adquisición de material de oficina, informática ou similar.

En todo caso, os gastos financiados indicados anteriormente e que deberán reflectirse no respectivo orzamento de solicitude deberán ser directos e estritamente necesarios para o desenvolvemento e execución da actividade deportiva para a que se solicita a axuda e inequivocamente relacionados con ela.

Código Seguro de Verificación	IV672LSKNX6JSX7KAB6WKZCVCE	Fecha	19/08/2020 14:24:55
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmante	XOSÉ MANUEL BECERRA PARDO (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV672LSKNX6JSX7KAB6WKZCVCE	Página	2/35



Quedan excluídas desta liña de axudas á actividade competitiva, tanto as federacións deportivas, as delegacións provinciais de federacións e as sociedades anónimas deportivas.

B. Liña de axudas para a organización de evento deportivo

Axudas destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo (enténdase con sede e/ou delegación na provincia de Lugo) que desenvolvan eventos deportivos de carácter puntual na provincia de Lugo e cuxa repercusión incida na promoción e a formación deportiva e con especial incidencia no deporte saudable, no deporte feminino e no deporte adaptado, dentro das disciplinas deportivas recoñecidas oficialmente polo Consello Superior de Deportes de acordo coa listaxe que figura na súa páxina web e que se relaciona no ANEXO A desta convocatoria e que desenvolvan a actividade deportiva para a que solicitan a axuda na provincia de Lugo. As entidades e clubs deportivos solicitantes deberán estar creados como máximo a data 31 de decembro de 2019.

- O orzamento financiable está composto polos seguintes gastos subvencionables:
 1. Gastos de persoal preciso para a realización e desenvolvemento do evento: gastos de contratación de persoal, técnicos e/ou especialistas deportivos, ou persoal de preparación, control e seguimento técnico e loxístico da actividade, desenvolvemento e soporte do evento.
 2. Premios económicos en metálico: deberán realizarse as súas respectivas retencións conforme á normativa aplicable.
 3. Gastos megafonía, equipos e aplicacións informáticas, gastos de cronometraxe, chips, xestión inscricións, outro tipo de gastos de carácter técnico debidamente acreditado.
 4. Medallas e trofeos: destinados directa e expresamente ao evento.
 5. Alugueiro de instalacións, ou de elementos técnicos-loxísticos e de sinalización necesarios e imprescindibles para a celebración do evento.
 6. Gastos federativos, xuíces e árbitros.
 7. Gastos de seguros exclusivamente para o evento: de responsabilidade civil e de accidentes
 8. Gastos de publicidade do evento, especificamente desenvolto para a publicidade do evento: carteleira, publicidade , redes sociais e elementos de promoción.
 9. Gastos de cobertura sanitaria do evento: contratación de ambulancias e ambulancias medicalizadas, fisioterapia e médico/a.
 10. Gastos de organización: empresas de organización de eventos.
 11. Alugueiro de vehículos precisos para a realización do evento (de control e de seguimento da proba)
 12. Canons de federacións das respectivas probas deportivas.
 13. Gastos de publicidade, de bordados e/ou serigrafiado directamente relacionados coa actividade (dorsais, pulseiras de identificación, elementos de identificación técnica de participantes)
 14. Material non inventariable de prevención e protección fronte á COVID 19.
 15. Gastos médicos / botiquín / material farmacéutico da actividade subvencionada.


Todos os gastos deberán acreditarse mediante a respectiva factura, documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa e no seu caso, a respectiva certificación federativa.

Os gastos de persoal deberán acreditarse mediante nóminas, IRPF e seguridade social ou no seu caso, con respectiva factura relativa aos servizos prestados por terceiro, á entidade ou club beneficiario.

Non serán subvencionables os gastos de aloxamento, de hostalería, comidas e restauración, transporte, nin as sancións federativas, nin os gastos xerais da entidade organizadora, a adquisición de material de oficina, material informático inventariable ou similar.

Non se consideran gastos subvencionables, os regalos, agasallos e os considerados "trofeos en especies".

Código Seguro de Verificación	IV672LSKNX6JSX7KAB6WKZCVCE	Fecha	19/08/2020 14:24:55
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmante	XOSÉ MANUEL BECERRA PARDO (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo//code/IV672LSKNX6JSX7KAB6WKZCVCE	Página	3/35



Así mesmo, tampouco se considerarán gastos subvencionables, os gastos de representación, ceas e/ou comidas de inauguracións, clausuras e/ou outras celebracións.

En todo caso, os gastos financiados anteriormente e que se reflectirán no respectivo orzamento de solicitude, deberanse cinxir aos **gastos estritamente necesarios** para o desenvolvemento do evento deportivo e directamente derivados do seu desenvolvemento e execución.

Non terán a consideración de evento deportivo nin se considerará subvencionable, a organización por parte dun club/entidade deportiva ou delegación deportiva, de competicións regulares tales como ligas ou torneos entre asociados e clubs, que non teñan a consideración de competición federada oficial por parte da correspondente federación.

Non serán subvencionables os cursos deportivos formativos.

Réxime da convocatoria

As subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, ano 2020, obxecto desta convocatoria teñen por obxecto a cobertura de custos (código obxecto 3), articularanse na modalidade subvención (código instrumento axuda SUBV) sen contraprestación en réxime de concorrencia competitiva, sendo esta un tipo de subvención non cualificable como axuda de Estado a empresa (código tipo de subvención 1), encadrada dentro do sector económico das actividades deportivas cunha finalidade de promoción deportiva (código finalidade 93.1), prevendo unha diminución ou eliminación das desigualdades detectadas e contribuindo aos obxectivos das políticas de igualdade (código do impacto de xénero 3).

Os datos do parágrafo anterior refírense á información para a Base de Datos Nacional de Subvencións.

Pódese consultar a Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo na web desta entidade local, en concreto na seguinte dirección:

<http://run.gob.es/owqlth>

2. GASTOS SUBVENCIONABLES


Para os efectos do disposto no artigo 31.1 e 2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e de conformidade co disposto no artigo 23 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo, enténdese por gastos subvencionables, aqueles que de maneira indubitada respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e realícense no prazo establecido polas diferentes bases reguladoras das subvencións.

Para os efectos do disposto no artigo 31.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, salvo disposición expresa en contrario nas bases reguladoras das subvencións, considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado pola normativa reguladora da subvención.

Para os efectos desta convocatoria, enténdese por orzamento financiable o constituído polo custo soportado pola entidade solicitante ou beneficiaria das axudas públicas segundo os gastos subvencionables definidos para cada unha das liñas das finalidades reflectidas no punto 1. Do mesmo xeito, os gastos serán os estritamente necesarios.

Soamente será necesario indicar as datas de pagamento das facturas que se imputen á Deputación Provincial de Lugo.

Código Seguro de Verificación	IV672LSKNX6JSX7KAB6WKZCVCE	Fecha	19/08/2020 14:24:55
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmante	XOSÉ MANUEL BECERRA PARDO (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV672LSKNX6JSX7KAB6WKZCVCE	Página	4/35



Non se subvencionarán aquelas actividades de carácter relixioso, político, militar, e en xeral, que sexan corporativas restritivas, dado que o seu fin non é a promoción dos recursos e manifestacións deportivas para a poboación xeral, senón exclusivamente entre o colectivo dos seus asociados/as e das súas familias (dado que non se trata de asociacións e colectivos abertos á poboación en xeral, senón a membros, familiares e persoas xurídicas vinculadas a un colectivo concreto).

De acordo coa lexislación vixente en materia de igualdade entre homes e mulleres e de protección contra a violencia de xénero, non se subvencionarán aquelas actividades e actuacións que inclúan tácita ou implicitamente contidos ou publicidade sexista e que se poidan considerar discriminatorias, vexatorias ou que xustifiquen, banalicen ou inciten á desigualdade de xéneros ou á violencia de xénero.

Calquera actuación, consecuencia da actividade subvencionada, que supoña discriminación por razóns de xénero, raza, relixión, nacemento, opinión ou outras circunstancias persoais ou sociais, protexidas pola nosa Constitución, poderá conlevar a suspensión da subvención concedida e a súa revogación e reintegro no seu caso. Polo menos o 5% do custo total da actividade subvencionada, deberá ser financiado con recursos propios da entidade beneficiaria.

3. REQUISITOS QUE DEBERÁN REUNIR OS BENEFICIARIOS

As entidades e clubs deportivos solicitantes deberán estar inscritas no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia á data de publicación do extracto da presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, inscrición que se acreditará con copia do certificado de inscrición no rexistro deportivo da Xunta de Galicia no que conste o domicilio social do club/entidade ou copia de documento acreditativo análogo expedido pola delegación ou xefatura territorial competente, que acredite as referidas circunstancias de inscrición e data.


As entidades beneficiarias perceptoras da subvención terán os dereitos e obrigas, de conformidade co sinalado no artigo 5, da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo, e en todo caso:

Poderán acollerse a esta convocatoria aquelas entidades e clubs deportivos que no momento da convocatoria soliciten de acordo co establecido nelas, tendo consideración de beneficiario da subvención a entidade destinataria dos fondos públicos para a actividade ou acción que dentro da finalidade das bases da convocatoria se atope na situación que lexitima a súa concesión.

Poderán solicitar subvencións ao abeiro desta convocatoria as **entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo** (enténdase con sede e /ou delegación na provincia), legalmente constituídas e adaptadas á normativa vixente, que carezan de finalidade de lucro, que os destinatarios formen parte do conxunto demográfico lucense e sempre que as accións que desenvolvan cumpran o obxecto destas bases dentro do marco de cada liña e de acordo coas condicións establecidas na presente convocatoria en cada unha das distintas liñas de axudas.

- Poderán solicitar axudas para as accións ou actividades ás que fai referencia o punto A das finalidades (**actividade competitiva**) todos aquelas entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo (enténdase con sede na provincia de Lugo) cuxa actividade sexa a participación en competicións organizadas polas federacións deportivas oficiais das disciplinas deportivas recoñecidas oficialmente polo Consello Superior de Deportes de acordo coa listaxe da súa páxina web no momento de aprobación destas bases e que se relaciona no ANEXO A destas bases, que estean inscritas na correspondente competición oficial, desenvolvan a actividade competitiva e deportiva e cuxa finalidade é promover os valores do deporte dende a base.
- Poderán solicitar axudas para as accións ou actividades que fai referencia o punto B das finalidades (**organización de evento deportivo**) todos aquelas entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo (con sede e/ou delegación na provincia) que desenvolvan eventos deportivos de CARÁCTER PUNTUAL (duración entre 1 e 80) na provincia de Lugo das disciplinas e especialidades deportivas

Código Seguro de Verificación	IV672LSKNX6JSX7KAB6WKZCVCE	Fecha	19/08/2020 14:24:55
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmante	XOSÉ MANUEL BECERRA PARDO (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV672LSKNX6JSX7KAB6WKZCVCE	Página	5/35



recoñecidas oficialmente polo Consello Superior de Deportes de acordo coa listaxe da súa páxina web no momento de aprobación destas bases e que se relaciona no ANEXO A destas bases con especial incidencia no deporte saudable, no deporte feminino e no deporte adaptado, e especialmente ao abeiro de competicións oficiais organizadas pola Federación oficial respectiva e da súa normativa. O evento para o que se solicite a axuda cinguirase unicamente a un (1) único evento de carácter puntual.

Para os efectos indicados, e dentro da liña A de axudas (ACTIVIDADE COMPETITIVA), a entidade ou club deportivo solicitante deberá acreditar mediante certificación federativa a súa inscrición na respectiva competición oficial federada na temporada 2019-2020 para a disciplina e especialidade para a que solicita a axuda.

Quedan expresamente excluídos da presente convocatoria ás entidades/clubs que desenvolvan a súa actividade competitiva na especialidade de rally (montaña, terra e asfalto) dentro da disciplina deportiva do automobilismo, dado o compromiso da Deputación de Lugo con este deporte posto de manifesto en distintas axudas.


Non poderán ser beneficiarios de axudas dentro da liña de actividade competitiva da presente convocatoria, nin as sociedades anónimas deportivas, nin aquelas entidades e clubs deportivos que sexan beneficiarias dunha axuda no procedemento de concorrencia non competitiva na anualidade 2020.

Así mesmo, quedan expresamente excluídos da liña de axudas de actividade competitiva da presente convocatoria aqueles clubs e entidades deportivas que conten no orzamento da Deputación de Lugo da anualidade 2020 cunha subvención nominativa destinada a sufragar a actividade competitiva e/ou gastos de tempada do respectivo beneficiario e para a mesma disciplina e actividade, agás aquelas entidades cuxa axuda nominativa estea expresamente destinada ao financiamento da promoción do deporte feminino na respectiva disciplina e do respectivo beneficiario.

Quedan expresamente excluídos da liña de axudas de eventos deportivos aquelas entidades ou clubs deportivos que conten no orzamento da Deputación Provincial de Lugo da anualidade 2020 unha subvención nominativa para o mesmo evento deportivo.

Non poderán obter a condición de beneficiario das subvencións, quen conorra nalgunha das seguintes circunstancias:

- a) Que fose condenado mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.
- b) Que solicitase a declaración de concurso voluntario, fose declarado insolvente en calquera procedemento, se atope declarado en concurso, agás que este adquirise a eficacia dun convenio, estiver suxeito a intervención xudicial ou fose inhabilitado conforme á Lei 22/2003, de 9 de xullo, concursal sen que concluíse o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.
- c) Que dese lugar, por causa da que fosen declarados culpables, á resolución firme de calquera contrato celebrado coa Administración.
- d) Estar incurso a persoa física, os administradores das sociedades mercantís ou aqueles que desempeñen a representación legal doutras persoas xurídicas, nalgún dos supostos da Lei 3/2015, do 30 de marzo, reguladora do exercicio do alto cargo da Administración xeral do Estado, da Lei 53/ 1984 de 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao Servizo das Administracións Públicas, ou por se tratar de calquera dos cargos electivos regulados na Lei Orgánica 5/ 1985 de 19 de xuño, do réxime electoral xeral nos termos establecidos nesta ou na normativa autonómica que regule estas materias.
- e) Non estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte a Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, na forma que se determine regulamentariamente.
- f) Ter residencia fiscal nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.
- g) Non estar ao corrente do pagamento de obrigacións por reintegro de subvencións nos termos que regulamentariamente se determinen.
- h) Que fose sancionado mediante resolución firme coa perda de obter subvencións conforme a esta ou a outras leis que así o establezan.


Código Seguro de Verificación	IV672LSKNX6JSX7KAB6WKZCVCE	Fecha	19/08/2020 14:24:55	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica			
Firmante	XOSÉ MANUEL BECERRA PARDO (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV672LSKNX6JSX7KAB6WKZCVCE	Página	6/35	

- i) Non poderán acceder á condición de beneficiarios as agrupacións previstas no segundo parágrafo do apartado 3 do artigo 11 desta lei cando concorra algunha das prohibicións anteriores en calquera dos seus membros.
- j) As prohibicións de obter subvencións afectarán tamén a aquelas empresas das que, por razón das persoas que as rexen ou doutras circunstancias, poida presumirse que son continuación ou que derivan, por transformación, fusión ou sucesión, doutras empresas nas que concorresen aquelas.
- k) Atoparse nalgún dos supostos que impidan a obtención da condición de beneficiario sinalados no apartado 3. do artigo 13. da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3.a Obrigas dos beneficiarios

- a) Aceptar a subvención. No caso de que os beneficiarios non comuniquen á Excm. Deputación Provincial, no prazo máximo de quince días, a partir da notificación do outorgamento, a renuncia, entenderase que a subvención é aceptada.
- b) Cumprir o obxectivo, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións.
- c) Acreditar ante a Excm. Deputación Provincial a realización da actuación ou a adopción do comportamento, así como o cumprimento dos requisitos e condicións que determinen a concesión ou goce da subvención.
- d) Someterse ás actuacións de comprobación, que efectuará a pola Excm. Deputación Provincial, así como calquera outras de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, achegando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- e) Comunicar á Deputación Provincial a obtención de subvencións/axudas ou patrocinios (con ou sen achega económica) para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administracións ou Entes Públicos ou privados, nacionais ou internacionais. Esta comunicación deberá efectuarse tan axiña como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- f) Comunicar, no seu caso, a solicitude de declaración de concurso voluntario, de declaración de insolvente en calquera procedemento, e declaración en concurso, e no seu caso da sentenza de eficacia dun convenio, ou se estiver suxeito a intervención xudicial ou fose inhabilitado conforme á Lei 22/2003, de 9 de xullo, concursal sen que concluíse o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.
- g) Acreditar que se acha ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias (Axencia Tributaria Estatal, Facenda autonómica e Servizo de Recadación Provincial) ou fronte á Seguridade Social. A devandita acreditación poderá realizarse mediante declaración baixo a súa responsabilidade. Non entanto, a Deputación poderá solicitar estes certificados, se así o considera, aos organismos correspondentes. Para estes efectos os beneficiarios poderán acompañar autorización do representante legal da entidade para que a Deputación poida solicitar estas certificacións fronte aos citados organismos, segundo o modelo normalizado.
- h) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- i) Identificar convenientemente, para os efectos de difusión pública, as actuacións que se realicen.
- j) Os perceptores da subvención poderán subcontratar o 100% do importe das actividades obxecto da mesma.
- k) Os beneficiarios da subvención incluírán a imaxe corporativa da área de deportes da Excm. Deputación Provincial e utilizarán o idioma galego en todos aqueles soportes que ao uso as entidades utilicen para publicitar a actividade ou adquirir o comportamento subvencionado. Así mesmo, utilizarán o idioma galego a nivel verbal en todos aqueles actos do plan de comunicación da actividade ou comportamento. A imaxe será cedida pola Institución Provincial.
- l) De igual xeito este ano establécese que, cando menos o 5% do custo total da actividade subvencionada, deberá ser financiado con recursos propios da entidade beneficiaria.
- m) En caso de solicitar subvención para equipos con deportistas menores de idade, ou para a organización de eventos deportivos nos que participen deportistas menores de idade, os clubs e entidades solicitantes asumen a responsabilidade de que todo o persoal ao que lle corresponde a realización destas actividades

Código Seguro de Verificación	IV672LSKNX6JSX7KAB6WKZCVCE	Fecha	19/08/2020 14:24:55
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmante	XOSÉ MANUEL BECERRA PARDO (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo//code/IV672LSKNX6JSX7KAB6WKZCVCE	Página	7/35



(incluído o voluntariado), cumpra co requisito previsto no artigo 13.5 da Lei Orgánica 3/1996 de Protección xurídica do menor, de modificación parcial do Código Civil e da Lei de axuízamento Civil e do artigo 8.4 da Lei 45/2015, do 14 de outubro, de voluntariado.

3.b Protección de datos de carácter persoal

A presentación das solicitudes supón a aceptación incondicional das presentes bases da convocatoria e das condicións, requisitos e obrigas contidas nestas.

A concorrencia ao proceso de concesión de subvencións implicará a manifestación tácita do consentimento inequívoco ao tratamento de datos de carácter persoal e a súa publicación de acordo co previsto na Lei Orgánica 3/2018 de 5 de decembro, de protección de datos de carácter persoal. A finalidade da recollida e tratamento dos datos persoais será estritamente á xestión e tramitación do expediente correspondente.

3. c. Anticipo

Non se concederán anticipos de pagamento anteriores á xustificación da subvencións.

4. CARÁCTER DA SUBVENCIÓN

As subvencións que se concedan segundo as presentes bases reitoras da convocatoria e de acordo co PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS (PLAN PLURIANUAL 2020-2022) da Excm. Deputación Provincial de Lugo terán carácter voluntario e eventual.

A Corporación Provincial, por medio da Xunta de Goberno, como medida de garantía a favor dos intereses públicos, poderá revisalas ou, se é o caso, reducilas por causas debidamente xustificadas.

A concesión de subvencións para a anualidade de 2020, non xeran ningún dereito á obtención de subvencións en convocatorias posteriores.

En calquera caso, a Deputación Provincial, quedará exenta de toda responsabilidade civil, mercantil, laboral ou de calquera tipo que se derive das actuacións ás que queden obrigados os beneficiarios das subvencións.


5. ORZAMENTO

A cantidade destinada para a concesión de "SUBVENCIÓN EN CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA AXUDAS A ENTIDADES E CLUBS DEPORTIVOS" obxecto da convocatoria do ano 2020, será de cinco centos mil euros (500.000,00 €) con cargo á aplicación 3410/48900 do orzamento do presente ano 2020, segundo a previsión establecida no Plan Estratéxico de Subvencións desta Excm. Deputación Provincial de Lugo 2020-2022, Área de Deportes na súa liña 12.1 DEPORTES.

A distribución da aplicación nas diversas categorías das finalidades desta convocatoria quedará constituída da seguinte maneira:

A. Liña de axudas á actividade competitiva federada	470.000,00 €
B. Liña de axudas para eventos deportivos	30.000,00 €

Na liña de axudas a actividade competitiva federada, na que se propón un importe total a distribuír de 470.000,00 €, establececese o seguinte cadro de distribución dos respectivos importes por disciplinas, tomando como base o número de licenzas oficiais das distintas disciplinas deportivas:

Código Seguro de Verificación	IV672LSKNX6JSX7KAB6WKZCVCE	Fecha	19/08/2020 14:24:55	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica			
Firmante	XOSÉ MANUEL BECERRA PARDO (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV672LSKNX6JSX7KAB6WKZCVCE	Página	8/35	

DISCIPLINAS DEPORTIVAS	IMPORTE
FÚTBOL (inclúe as modalidades de FÚTBOL: fútbol e fútbol sala)	216.000,00 €
BALONCESTO	35.000,00 €
CICLISMO	25.000,00 €
PIRAGÜISMO	20.000,00 €
ATLETISMO	25.000,00 €
XIMNASIA, PATINAXE E BAILE DEPORTIVO	25.000,00 €
TRÍATLON	5.000,00 €
BALONMÁN	10.000,00 €
NATACIÓN	8.000,00 €
VOLEIBOL	7.000,00 €
DEPORTES DE RAQUETA (TENIS, TENIS DE MESAS, PÁDEL, BÁDMINTON, SQUASH)	25.000,00 €
DEPORTES DE COMBATE (TAEKWONDO, JUDO, KARATE, KICKBOXING, LOITAS OLÍMPICAS, BOXEO)	25.000,00 €
DEPORTES CON ARMAS E CAZA (TIRO AO VOO, TIRO CON ARCO, TIRO OLÍMPICO, CAZA, ESGRIMA)	4.000,00 €
DEPORTES CON ANIMAIS (COLOMBICULTURA, COLUMBOFILIA, GALGOS, PÉNTATLON MODERNO, HÍPICA, POLO)	3.000,00 €
DEPORTES NO MEDIO NATURAL (ESPELEOLOXÍA, ORIENTACIÓN, DEPORTES DE INVERNO, PESCA E CASTING)	8.000,00 €
DEPORTES MEDIO ACUÁTICO (SURF, VELA, REMO, SALVAMENTO E SOCORRISMO, ESQUÍ NÁUTICO, ACTIVIDADES SUBACUÁTICAS, MOTONÁUTICA)	4.000,00 €
OUTROS DEPORTES (MONTAÑA E ESCALADA, XADREZ, BÉISBOL E SOFBOL, AERONÁUTICA, BILLAR, FÚTBOL AMERICANO, HALTEROFILIA, MOTOCICLISMO, RUGBY, GOLF, HÓCKEY, PELOTA, BIRLOS, PETANCA, DEPORTES DE XEO)	25.000,00 €
TOTAL	470.000,00 €


As subvencións provinciais serán incompatibles con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais, agás que a cantidade subvencionada mais os fondos propios non alcance o orzamento máximo da actividade, acción ou comportamento.

6. AVALIACIÓN DAS SOLICITUDES

A Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica desta Deputación Provincial de Lugo será encargada de instruír e tramitar os respectivos expedientes. Para tal efecto constituirase unha Comisión de Avaliación que se encargará da valoración das solicitudes presentadas e formulará unha proposta a través do órgano instrutor consonte ao disposto no Artigo 24 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

A devandita Comisión estará composta por tres funcionarios da Deputación de Lugo, a Interventora e a Secretaria Xeral da Deputación Provincial.

Código Seguro de Verificación	IV672LSKNX6JSX7KAB6WKZCVC	Fecha	19/08/2020 14:24:55
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmante	XOSÉ MANUEL BECERRA PARDO (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV672LSKNX6JSX7KAB6WKZCVC	Página	9/35



As regras de funcionamento da Comisión serán as recollidas nos artigos 15 a 18 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Os funcionarios/as da Deputación que se integrarán na sinalada Comisión de avaliación serán designados por Resolución da Presidencia, que precisará quen ostentará a Presidencia.

